

A MÁMOA DE MONTE CAMPELOS E O SEU ENTERRAMENTO SECUNDARIO

Novos Datos Encol do Megalítico Final Galego

Por ANTON A. RODRIGUEZ CASAL

1. INTRODUCCION

Co gallo dun viaxe arqueolóxico por terras do concello de Begonte (Lugo) adicado ó inventariado dos moimentos megalíticos da zona (1), víu-se a urxente necesidade de realizar unha serie de traballos arqueolóxicos en varias mámoas que tiñan sido salvaxemente remexidas por unha máquina paleadora (2), realizándose na última semán do mes de xullo de 1982 unhas catas na mámoa 1 de Monte Campelos, da que agora informamos, amáis nunha mámoa emprazada no lugar das «Medorras Mouras» e un labor de limpeza e planimetría na anta de «Chao de Mazós» (3).

(1) D. Felipe Arias Vilas (Director do Museo Provincial de Lugo) e o que isto escribe, foron acompañados por D. Antón Buxán e Blanca García Fernández Albalat (autora do catálogo dos moimentos megalíticos da zona), a quenés lles agradecemos as facilidades dadas en todo momento cando a excavación realizada dentro do programa de urxencias subvencionado pola Subdirección General de Arqueología do Ministerio de Cultura.

(2) E ben sabido que as mámoas en Galicia teñen sido salvaxemente expoliadas dende antigo. Non hai máis que recordar o proceso levado a cabo no século XVII, dempois da destrución de máis de 3.000 mámoas en poucos anos (Cf. MARTINEZ SALAZAR, A: **Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII.** B. R. A. G., 1909). As causas das destrucións son fundamentalmente de dous tipos: por unha banda, a procura de inexistentes tesouros dos que falan as lendas, e, por outro, o aproveitamento das laxes dos monumentos (no caso dunha mámoa das «Medorras Mouras», os soportes da cámara megalítica poden-se ver hoxendía facendo de lindeiro entre dúas fincas do lugar de Armental).

(3) Sob a dirección do que isto suscribe, e a supervisión de Felipe Arias Vilas, os traballos foron realizados por Blanca García Fernández Albalat, María López Díaz e Fernando Andreu. Debuxos de Luis Gómez Pacios (recentemente falecido e ó que adicamos o presente traballo) e fotografías de Antón Buxán.

2. LOCALIZACION DO XACEMENTO E O AMBIENTE ARQUEOLOXICO DA ZONA. (Fig. 1 e 2).

A mámoa en cuestión emprázase no lugar de Monte Campelos, nunha zona achairada coñecida como «A Gándara» (parroquia de Sta. María de Castro), sobre dun sustrato aluvial de formación cámbrica do período Xeorxiense de pelitas e carbonatos, nunha zona de 380 m. de altitude s. n. m., situada entre os ríos Ladra (ó N.), Lousado (ó O.) e Xabarixo (ó E.) e unhas coordenadas xeográficas de 43° 08' 20" Lat. N. e 4° 01' 25" Lonx. O. (4). Pra acceder ó xacemento, dende o centro urbano de Begonte é mester cruzar a liña férrea Palencia-A Coruña e logo a ponte sobre o río Ladra, virando de seguido á dereita por unha pista que após uns 500 m. chega á mámoa, que na actualidade alcóntra-se xusto fronte a unha explotación de cascallo.

No momento actual teñen sido catalogadas as seguintes mámoas nas terras de Begonte:

A Gándara. Amáis da mámoa 1 de Monte Campelos, outros catro túmulos.

Monte Queimado. 43° 07' 40" Lat. N. e 4° 01' 20" Lonx. O. Catro mámoas entre as parroquias de S. Fiz de Cerdeiras e S. Cristobo de Donalbai.

Medorras Mouras. 43° 07' 30" Lat. N. e 4° 00' 50" Lonx. O. Dun grupo de varias mámoas no Monte das Medorras (Armental, S. Cristobo de Donalbai) tan só se conserva unha delas. A mámoa, de 29 x 31 m. de diám. e 1,85 m. de altura, tiña sido parcialmente destruída por unha máquina paleadora, atcpándose no túmulo, fóra do lugar orixinario, un esteo (partido en dous) de 2,55 m. de alto. Realizcu-se unha cata de urxencia que forneceu tan soio varios anacos de cerámica lisa. Observou-se a seguinte estratigrafía:

- 1) Camada superior de humus, de formación recente.
- 2) Camada de terra areosa.
- 3) Camada de terra moura moi compacta e misturada con pedras, de 0,30-0,35 m. de espesura.
- 4) Camada de grixo.

Medorras de Fontefría. 43° 12' 00-20" Lat. N. e 3° 57' 30-40" Lonx. O. Na parroquia de S. Xiao de Gaibor. Sete mámoas, varias delas con restos da estrutura megalítica.

Medorras de Fonte Vilar e do Chozo. 43° 10' 00" Lat. N. e 4° 00' 30" Lonx. O. Na parroquia de Santiago de Illán, grupo de doce mámoas, varias con restos pétreos.

Medorras de S. Vicente e Saamil. 43° 08' 50" Lat. N. e 3° 05' 00" Lonx. O. Na parroquia de S. Vicente de Pena, grupo de catro mámoas.

(4) Vid. Mapa Geolóxico del Instituto Geológico y Minero de España, hoja 8 (Lugo), E: 1/200.000 e Mapa Topográfico Nacional, hoja 72-IV (Puebla de Parga), E: 1/25.000.

Chao de Mazós. 43° 06' 40-42" Lat. N. e 4° 03' 00-02" Lonx. O. Grupo de catro mámoas, unha delas conservando parte dunha cámara megalítica poligonal simple de 1,60 m. por 2,20 m. e un total de sete esteos. Na parroquia de Santalla de Pena.

3. A ESTRUCTURA FUNERARIA E OS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS.

A mámoa de Monte Campelos, de 20,50 por 18,30 m. de diám., presentaba, como xa dixemos, unha grande fochanca producida por unha máquina paleadora (lám. 1), excéntrica ó centro tumular, a 3,50 m. do límite norte da mámoa e 10 m. do remate oriental da mesma. Acotou-se a zona a excavar mediante un cadrante de 3 m. de longo que logo foi ampliado no decurso dos traballos, que deron como froito o descubrimento dunha estrutura funeraria secundaria cun interesante espolio funerario que agora damos a coñecer.

3. 1. A estratigrafía. (Fig. 3, inferior).

1) Nos dous extremos do perfil sudeste, unha primeira camada de terra vexetal (C-1) de 20-25 cms. de espesor, e entre elas unha capiña moi fina de humus, ó longo de 2,70 m. de lonxitude, espacio que marca unha fosa funeraria.

2) Camada de terra abermellada (C-2), moi compacta e arqueolóxicamente fértil, de 1,50 m. de potencia máxima.

3) Camada de terra negriza compacta (C-3), con varias bolsadas en C-2, e que delimita a zona de terra abermellada. Corresponde ó mesmo tipo de terra empregada no resto da mámoa.

4) Chan natural de grixo (rocha alterada).

3. 2. O axuar. (5) (Lám. 7).

Doble machado (rex. 8571; fig. 4, lám. 8). De aspecto xeral naviforme, en perfecto estado de conservación e totalmente pulimentado, cunha perforación central bicónica conseguida por abrasión rotativa. Os gumes están formados pola intersección das dúas caras e os bordos son de eixos paralelos e convexos. Materia prima: rocha plutónica (6).

Medidas: L: 173 mm.; A: 63 mm.; E: 40 mm. Diám. exteriores máximos da perforación: 36 e 39 mm.; Diám. interno: 18 mm.; Peso: 530 gr.

(5) Na análise morfotipolóxica das pezas seguimos os criterios definidos por A. LEROI-GOURHAN: **Cuadros de morfología descriptiva**. En *La Prehistoria*. Nueva Clío. Barcelona, 1972, p. 157-183; A. J. FANDOS: **Nota preliminar para una tipología analítica de las hachas pulimentadas**. Munibe, 1973, p. 203-208 e R. FABREGAS VALCARCE: **Materiales líticos de las sepulturas megalíticas de Galicia: la industria de la piedra pulida**, 1983 (Tesis de Licenciatura, inédita).

Abreviamentos: rex.: n.º de rexisto da peza no Museo Provincial de Lugo; L: lonxitude; A: ancho máximo; E: espesura; IL: índice de alargamento referido á medida máxima; IA: índice de anchura e IE: índice de espesura.

(6) Estamos a espera dos resultados das análises petrográficas, así como das polínicas, que agardamos dar pronto a coñecer.

Localización. X: 98; Y: 38; Z: 45. Atopou-se coa perforación perpendicular á base da mámoa (Lám. 4 e 5).

Machado-cinzel (rex. 8572; fig. 5). Finamente pulimentado, en bó estado de conservación aínda que na zona proximal ten perdido parte do puído, o que lle confire un aspecto rugoso. Con gume de bisel duplo, bordos lonxitudinais cóncavos e caras curvas tamén cóncavas, talón truncado e sección transversal ovalada. Materia prima: xisto.

Medidas. L: 290 mm.; A: 41 mm.; E: 24 mm.; Peso: 475 gr.; IL: 8,92; IA: 0,26; IE: 0,14.

Localización: X: 97; Y: 37; Z: 40 (o talón). Aparecido en posición vertical, co gume cara enriba e a 5 cms. por cima tamén do dobre machado (Lám. 4 e 5).

Machado-cinzel (rex. 8573; fig. 5). Pulimentado na súa totalidade, en perfecto estado de conservación, con gume a partires de dous planos biselados e perfil convexo-simétrico, bordos de eixos converxentes, caras curvas e talón apuntado; na zona distal da cara ventral amosa un rebaixe producido por roce ou frotamento. A sección transversal é ovalada. Materia prima: xisto.

Medidas. L: 292 mm.; A: 33 mm.; E: 21 mm.; IL: 10,08; IA: 0,21; IE: 0,12; Peso: 287 gr.

Localización. X: 159; Y: 29; Z: 35 (o talón). Apareceu vertical, lixeiramente inclinado e co gume cara abaixo (lám. 6).

Enxó (rex. 8574; fig. 6). De superficie aspra por ter perdido amplas zonas do puído. De bordos de eixos converxentes cara o talón arredondado, de gume convexo-d'simétrico con bisel formado pola intersección das dúas caras. A sección transversal é ovalada. Materia prima: fibrolita.

Medidas. L: 75 mm.; A: 39 mm.; E: 14 mm.; IL: 2,83; IA: 0,87; IE: 0,25; Peso: 60 gr.

Localización: X: 125; Y: 39; Z: 10. Aparecido co gume cara enriba, asociada a varios prismas de seixo cristalizado.

Lámina (rex. 8575; fig. 6). De sílex ateixado, con concrecións arxilosas. Sen retoques.

Medidas: 53 x 18 x 12 mm.

Localización. X: 115; Y: 85; Z: 95.

Lámina (rex. 8576; fig. 6). De sílex ateixado, sen retocar, con bulbo de percusión.

Medidas. 54 x 16 x 5 mm.

Localización. X: 70; Y: 80; Z: 82.

Fragmento proximal de lámina (rex. 8577; fig. 6). De sílex, sen retocar, con bulbo de percusión.

Medidas: 42 x 20 x 7 mm.

Localización. X: 110; Y: 39; Z: 5.

Dez prismas de seixo cristalizado (rex. 8578-8585/1-2; fig. 7). O maior de 113 x 32 mm. (lám. 9) e o máis pequeno de 48 x 15,5 mm.

Localización. Todos eles aparecidos nunha zona que vai entre X: 105 e 140; Y: 20 e 41; Z: 5 e 50.

Tres fragmentos cerámicos (rex. 8586-8588). De pasta groseira e desengrasantes grosos, sen decoración.

Localización: fora da estrutura funeraria, nunha área revolta.

3.3. Consideracións encol do enterramento (Fig. 3).

A partir da minuciosa excavación arqueolóxica levada a cabo na mámoa de Monte Campelos e da análise da estratigrafía, pódense doadamente tirar as seguintes conclusións:

a) Entre as dúas camadas de terra vexetal dos extremos do corte sudeste da cata atópase unha fosa, practicada con posterioridade á construción da mámoa orixinaria, como amosa a menor potencia da terra vexetal na parte central, zona na que a capa humífera é de máis recente formación, fronte á maior potencia do humus nos extremos que delimitan a fosa.

b) A camada de terra abermellada soio se encontra na devandita fosa. E unha terra traída «ex profeso» pró novo enterramento.

c) As camadas 1 e 3 marcan os límites dunha fosa funeraria de 2.70 m. de lonxitude por 1.50 m. de profundidade, na que se atopaba a practicamente totalidade do axuar funerario.

d) A construción da fosa debeu ser realizada retirando en primeiro lugar a terra de tipo negrizo da mámoa preexistente e, unha vez realizado o rito sepulcral, o furado practicado reenchido cuidadosamente coa terra abermellada (que nalgues se mistura con pequenas bolsadas de terra negruzca).

e) Non hai estrutura pétreo algunha que delimite o enterramento.

3.4. Consideracións encol dos materiais arqueolóxicos.

3.4.1. O dobre machado con perforación central.

Contrastando coa mínima presenza de úteis perforados na Península Ibérica (7), pode extrañar a profusión de artefactos deste tipo en Galicia, nomeadamente mazas de combate, doubles enxós e doubles machados, dos que aparte do exemplar de Monte de Campelos coñécen-se dcus máis: un deles procedente dun lugar indeterminado da provincia de Lugo, na ac-

(7) Fragmento de bipenne, con perforación cilíndrica de Balenkaleku N. (APELLANIZ, J. M.: *Corpus de materiais de las Culturas Prehistóricas de la población de Cavernas del País Vasco Meridional*, Munibe, supl. n.º 1, 1973, p. 227-228, fig. 158 B, 3.; bipenne de Teverga (BLAS CORTINA, M. A. de: «Un hacha de combate de tipo nórdico de Teverga (Asturias)», *Ampurias*, 35, 1973, p. 217-220; unha dobre-enxó ¿cu bipenne? que se garda no Museu de Santo Tirso (N. de Portugal); mazas (máis sinxelas cás gallegas): en Vilanova de São Pedro (1 ex.) (JALHAY e PACO, A. de: *El castro de Vilanova de San Pedro*, *Actas y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*, 20, 1945, p. 5 ss.; unha maza na Gruta da Ponte da Lage (ALBURQUERQUE E CASTRO, L. e VEIGA FERREIRA, O.: *Acerca das peças circulares de pedra, con perfuração central bicónica, encontradas no Eneclítico de Portugal*, *Revista de Guimarães*, 77, 1967, p. 103-108; dcus exemplares na Gruta de Escoural (FARINHA DOS SANTOS, M.: *Manifestações votivas da necrópole da Gruta do Escoural*, *Actas do II C. N. Arq. Coimbra*, 1971, p. 95-96.

tualidade no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón (8) e outro recentemente exhumado nunha mámoa, en circunstancias indeterminadas, no lugar de Rabo de Lobo (Tordoia, A Coruña) (9).

Encol da orixe e a cronoloxía dos bipennes, contamos cunha moi abondosa literatura arqueolóxica. Para Santa Olalla (10) os doubles machados son unha importación indudable da «cultura megalítica nórdica», a partires dunha área que vai dende o sul de Escandinavia e o Vístula até o Baixo Rhin e Alemania central, cunha cronoloxía do 2000-1700 a. C. (Bronce Mediterráneo I), que se correspondería co período IB de Montelius (11), aínda que logo o mesmo Santa Olalla chegue a falar dunha converxencia dos elementos nórdicos cos mediterráneos (12), teoría que recentemente ten apuntado tamén Vázquez Varela (13) ó pensar que os axuares característicos do que este autor define como «Horizonte Rechaba» son de orixe local, cunha influencia mediterránea que callaría particularmente no Noroeste.

Seguindo a Santa Olalla, Mac White (14) tiña tamén relacionado os bipennes co «círculo nórdico» (15), datándo-os no Bronce IV de Montelius, ó tempo que propuña unha cronoloxía entre 1800-1400 a. C., nunha época coetánea da cultura do Argar.

Aínda que, dende o punto de vista estrictamente morfolóxico, os machados de combate con perforación fan lembrar ós primeiros instrumentos de cobre nados en Anatolia e Irán, cun lonxano reflexo do «doble machado exeo», os cuais atinxirían Europa a traveso do Cáucaso e os Balkanes, cunha evidente orixe oriental na Mesopotamia e Asia Menor (16), non obstante, os bipennes galegos están máis perto da civilización megalítica nórdica (17), presentes tamén na cultura palafítica da Europa Central (18). Esta é tamén a idea de Riquet (19) cando os considera orixinarios de Di-

(8) Cf. LUENGO MARTINEZ, J. M.^a: Piezas del Museo histórico-arqueológico de La Coruña. *Objetos pétreos de la primera edad de los metales*. Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses. Revista, 1974-5, 10-11, p. 131-142. Prós obxectos perforados propón tres hipóteses: que procedan dunha industria lítica, evolucionada «in situ»; que sexan obxectos de importación nórdica (na liña de Santa Olalla) ou ben que sexan produtos da cultura mediterránea, do Bronce Inicial (p. 137).

(9) Agradecemos a J. M. Vázquez Varela o dado suministrado.

(10) MARTINEZ SANTA OLALLA, J.: *Esquema Paleontológico de la Península Hispánica*. Madrid, 1946.

(11) MONTELIUS, O.: *Die Chronologie der Altoster Bronzezeit*. Brunswick, 1900.

(12) MARTINEZ SANTA OLALLA, J. e SAEZ, B.: *Orígenes anatolicegeos y orientales del Bronce Mediterráneo Hispánico*. Informes y Memorias, 16, 1947, p. 121-158.

(13) VAZQUEZ VARELA, J. M.: *El horizonte de Rechaba: una nueva fase de la cultura megalítica del Noroeste Peninsular*. Boletín Auriense, IX, 1979, p. 26.

(14) MAC WHITE, E.: *Estudios sobre las relaciones atlánticas de la península hispánica en la Edad del Bronce*. Dissertaciones Matritenses, 20, 1951, p. 45-46.

(15) Cf. NORDMAN, C.: *The Megalithic Culture of Northern Europe*. 1935.

(16) ALMAGRO BASCH, M.: *Prehistoria*. Manual de Historia Universal. Tomo I. Madrid, 1970.

(17) Cf. SPROCKHOFF, E.: *Die nordische Megalithkultur*. Handbuch der Urgeschichte Deutschlands, III. Berlin, 1938; MALMER, M. P.: *Jungneolithische Studien*. Acta Archaeologica Lundensia. Lund, 1962; EBBESEN K.: *Die jüngere Trichterbecher Kultur auf den dänischen Inseln*. Arkaeologiske Studier, II. Copenhagen, 1975.

(18) Cf. MUNRO: *Stagnans lacustris d'Europe*. 1908.

(19) RIQUET, R.: *L'origine et la position chronologique des haches naviformes*. B. S. P. F., 48, 1951, p. 199-200.

namarca, en concreto da cultura dos «Bundgrave» e «Overgrave», cunha cronoloxía entre 1600-1200 a. C., dende onde chegarían á civilización da S. O. M. (20). Pola súa banda, Bailoud (21) considera ós bipennes simétricos como pezas propias de Europa Occidental, asignándolles unha orixe armoricana a partires de contactos marítimos coa Europa Septentrional, nun momento xa dentro do Calcolítico, teoría que apoia tamén Giot (22). Por outra parte, Gruet e Cordier (23) datan os bipennes franceses entre 2400-2200 a. C., mentras que Le Roux e Delibrias (24) nos arredores do 2500 a. C. e Gachina (25) entre 2460-2410 a. C., datas estas que se corresponden ben coas asignadas ós exemplares galegos.

3. 4. 2. Os cinceis.

No momento actual da investigación son considerados como instrumentos típicos da fase final do Megalitismo galego, por ter sido asoellados normalmente en estruturas megalíticas «tipo cista», en túmulos de estrutura indeterminada, ou, como no caso de Monte Campelos, nunha fosa secundaria, e, asociados a materiais arqueolóxicos típicos da fase final do Megalitismo galego. Non obstante, o número de cinceis é relativamente pouco abondoso en relación con outros implementos líticos. Aparte dos dous exemplares de Monte Campelos, coñécen-se quince exemplares, exhumados nos seguintes xacementos: mámoa 229 de Veiga dos Mouros (26), en mámoas do Val outo do río Barbantiño (27), nunha mámoa de

(20) Cf. DANIEL, G.: *The Megalith builders of the S. O. M.* Palaeohistoria, XII, 1966-67, p. 198-208.

(21) BAILLOUD, G.: *Le Néolithique dans le Bassin Parisien*, Gallia Préhistoire, II sup. C.N.R.S., Paris 1974, p. 351. Anteriormente, en 1955, falaba dun grupo do machado naviforme en Suecia, a imitación de prototipos metálicos (mesma teoría de Giot: B.S.P.F., 56, 1959, p. 44) coa súa orixe en Europa Oriental, a traveso do Cáucaso e os Balkanes (BAILLOUD, G. e MIEG, P.: *Les civilisations néolithiques de la France dans leur contexte européen*. Ed. Picard. Paris, 1955, p. 158.

(22) GIOT (B. S. P. F., 56, 1959, p. 43-45), nun artigo encol dos machados de combate en hornblendita de Bretaña, ve relacións cos Países Baixos, por intermedio da Conca do Sena, considerando a Armórica como un centro orixinario do que se extenderían a outros lugares, debido a unha certa intensidade dos intercambios culturais e/ou comerciais.

(23) GRUET, M. e CORDIER, G.: *Instruments perforés du Maine-et-Loire*. B. S. P. F., 58, 1961.

(24) As excavacións de Le Roux no xacemento de Plussulien permitíronlle delimitar catro fases de ocupación a partires do 3.800 a. C. O autor sitúa ós bipennes na última fase (2500 a. C.) por canto aparecen nos niveis superiores da excavación. (Cf. DELIBRIAS, G. e LE ROUX, C. T.: *Un exemple d'application des datations radiocarbène à l'interprétation d'une stratigraphie complexe: la fouille des ateliers de Plussulien (Côtes-du-Nord)*. B. S. P. F., 72, 1975, p. 78 ss.

(25) GACHINA (B. S. P. F., 1975, p. 368-381) tiña recollido un bipenne naviforme en Sauzail-en-Scubise (Charente Marítima), nun medio Peu-Richard, con cronoloxía axustada entre 2460-2410 a. C.

(26) MACIÑEIRA, F.: *El vaso campaniforme y condiciones de sus intactos yacimientos tumulares en la estación de Puentes, del cabo Ortegal*, Atlantis, 1941, 16; ID.: *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago, 1947.

(27) LOPEZ CUEVILLAS, F.: *Nota en col do mobiliario de algunhas mámoas galegas depositado no Museu de Ourense*. B. R. A. G., 1925.

Pago da Matela (28), Rechaba (29) e nunha mámoa da parroquia de S. Xoan de Alba (30). Na Península Ibérica (31) tampouco son abundantes, encontrándose algún exemplar nos sepulcros de fosa catalanes (32), Matarrubilla (33) e no túmu'o 16 de Campiello (Asturias) (34). Como tamén acontece cos machados bipennes, abundan extraordinariamente na costa Atlántica francesa, desde Normandía a Aquitania (35), en ambientes arqueolóxicos variados.

Verbo da utilidade como tais cinceis, xa foran así definidos por Leisner (1965, op. cit., p. 176-177) e Cuevillas (36), se ben en moitos casos sen saberes se foron empregados como tais ou que terían cumprido somentes unha finalidade votiva na sepultura, debido á finura do puído e o perfecto acabado das pezas. De tódolos xeitos, un dos cinceis de Monte Campelos ostenta claramente amósegas de emprego como tais instrumentos (nos labores agrícolas, traballo da madeira, tala, etc.). O mesmo Maciñeira (op. cit., 1944-45, p. 43) tiña-lles asignado unha función de afiadeiras a aqueles con claras mostras no córtex o que se corrobora nas pezas de S. Xoan de Alba, analizadas por R. Fábregas (Op. cit., p. 233).

3. 4. 3. Prismas de cristal de rocha.

A aparición dunha rica colección de prismas de seixo cristalizado (dez pezas en total) na mámoa de Monte Campelos, fai mudar, en certa medida, a idea que tiñamos sobre estes obxectos como ofrenda funeraria, por canto até este momento somentes tiñan aparecido de xeito aillado, non soio en mámoas galegas (37) senón tamén da Península (38). O que fica, xa que

(28) LUENCO MARTINEZ, J. M.^a: Op. cit., p. 131 ss.

(29) VAZQUEZ VARELA, J. M.: Op. cit., p. 9 ss.

(30) FABREGAS VALCARCE, R.: Tres obxectos de pedra puída de San Xoan de Alba. *Brigantium*, 3, 1982. Boletín do Museo arqueolóxico e histórico de A Coruña, p. 231-236.

(31) Na súa monumental obra encl do Megalitismo peninsular, os cinceis son incluídos por Leisner na súa fase II e descritos como «Meisel». Cf. LEISNER, V.: *Die Megalithg. über der Iberischen Halbinsel*, Der Westen. Berlin, 1965.

(32) MUÑOZ AMILIBIA, A. M.^a: *La cultura neolítica catalana de los sepulcros de fosa*. Barcelona, 1965.

(33) COLLANTES DE TERAN, F.: *El dolmen de Matarrubilla*. V Symposium Internacional de Prehistoria Peninsular. Barcelona, 1971.

(34) JORDA CERDA, F., GARCIA DOMINGUEZ, E. e AGUADE, J.: *Notas sobre los Túmulos de Campiello (Tineo) y su Edad Prehistórica*. *Zephyrus*, 23-24, Salamanca, 1972-1973, p. 131-152. Os autores dan os túmulos nunha fase serodia do megalitismo, xa nos comezos da idade do Bronce, nun momento no que se ten perdido o ritual funerario colectivo de inhumación, diante da presenza do rito individual de incineración (p. 148).

(35) Pra dar unha idea da cantidade de instrumentos perforados (nomeadamente bipennes e machados-martelo), pódese consultar as contínuas relacións de novos achados no Boletín de la Société Préhistorique Française. (B. S. P. F.). Encl dos cinceis, comprecitar: CORDIER, G. e BOCQUET, A.: *Le dépôt de la Begude-de-Mazenc (Drôme) et les dépôts de haches néolithiques en France*. *Essai d'inventaire*. *Etudes Préhistoriques*, 6, 1973.

(36) LOPEZ CUEVILLAS, F.: *La época megalítica en el Noroeste de la Península*. Caesaraugusta, 13-14, 1954.

(37) Pola súa banda, Maciñeira (op. cit. 1947) tiña encontrado varios prismas nas estacións megalíticas do Ortegal (por ex. na mámoa 84 e 86 da Serra Faladoira, en Cha das Vargas, etc.). O mesmo Cuevillas, en diversos traballos, xa tiña incidido no sentido cultural e/ou ritual dos prismas de seixo.

logo evidente, é que forman parte do axuar funerario, xunto a outras pezas artefactuais. Do dito despréndese que hai unha asociación clara entre bipennes (mazas e doubles enxós noutros casos), cinceis e prismas de seixo, como pra poder falar dun «horizonte» de estilo no Megalítico final galego, que se completa con outros materiais, tais como cerámica lisa, láminas e unha enxó, materiais estes máis abundosos, e que perviven dende a aparición do fenómeno megalítico até o seu remate, momento que parece coincidir coa «Cultura do Vaso Campaniforme».

4. O RITUAL FUNERARIO

Como xa anteriormente indicamos (vid. epígrafes 3.1 e 3.3) a excavación de Monte Campelos permitiu delimitar unha fosa funeraria de 2,70 m. de lonxitude, na que na sua camada c) tiña-se exhumado, nunca área moi reducida, un importante axuar. A propia situación dos materiais arqueolóxicos (vid. fig. 3) dá a impresión de estaren intencionadamente colocados, arrodeando unha zona que podería ser a cabeza do inhumado (endemaal non se conservan os restos óseos, por mor da acidez do chan), que se atoparía colocado no eixo E-O, coa cabeza dirixida ó Nacente. Observou-se que o machado bipenne atopábase coa perforación perpendicular á base tumular, sobre dél un cincel chantado verticalmente co gume cara enriba, e un segundo cincel co seu gume fincado na terra: destes datos dedúcese que eses obxectos foron postos así no momento da inhumación, reenchéndose o sartego mediante camadas sucesivas e cuidadosas de terra, pra os manterem fincados na terra. Coñécen-se en Francia casos semellantes, nos que os cinceis se atoparon vertical ou radialmente, respondendo a un móvil ritual (39).

Por outra banda, compre salientar a asociación de úteis claramente utilitarios (machados, cinceis, láminas) e outros exclusivamente votivos (prismas), nos que os primeiros terían sufrido unha mudanza do seu sentido funcional, pasando a ser obxectos votivo-rituais, exponentes de símbolo de poder, mando ou xerarquía social (bipenne); no caso dos cinceis, acompañarían ó morto como expresión das actividades productivas (pasando a ser un obxecto votivo, aínda que orixinalmente utilitario) e no caso dos prismas de seixo estaríamos diante de obxectos exclusivamente rituais (exponentes de luxo ou riqueza do inhumando, sen esquencer o vencellamento

(38) Ademais teñen aparecido en «tholci» e outros monumentos do Algarve (Marcela, Alcalar, Nora) en Andalucía (dolmen do Minguillo). Cf. LEISNER, G.: Die Megalithgräber, 1943.

(39) Na obra citada de Cordier e Bocquet (vid. nota 35) cítanse varios xacementos nos que os machados estaban claramente dispostos na sepultura: no túmulo de Tumiac (Bretaña) os machados estaban intencionalmente agrupados en certos puntos de cámara; no túmulo de Mont-Saint-Michel dun xeito parecido; en Mané-er-Hröeck aillados nun compartimento especial. Machados fincados verticalmente co gume «en l'air» teñen sido encontrados en Arzon (Bretaña), nunha pequena sepultura tipo «tholos», formando un círculo e gume cara enriba; no túmulo de Mont-Saint-Michel (explorado por R. Galles en 1862) verticais e gume cara enriba, nunha capa de cinza e cscs queimados. Según Bernon (1808 e 1893) en Arzon estaban en círculo, mentras que na Chapelle-Basse-Mer (Vigneau, 1863) os machados estaban colocados seguindo os radios dun círculo, cos gumes cara o exterior e os talóns cara o centro do sartego.

do prisma de seixo con cultos astrais, se temos en conta que poden reflexar a luz do sol).

O que fica evidente é que o machado é un artefacto carregado de simbolismo e que, xunto ós demais materiais, a súa presenza no enterramento obedece a unha serie de preocupacións culturais de moi difícil interpretación, pero relacionadas, sen dúbida algunha, coa vida de ultratumba, cun sentido polivalente que vai entre o simbólico até o apotropaico, ou sexa, como garda da sepultura.

Os datos anteriores compre té-los en conta por canto é a primeira vez que se verifica en Galicia un feito desta índole, que fala dunha intencionalidade ritual na colocación do axuar, aínda que non se poida precisar moito máis. De tódolos xeitos, e partindo do feito de que o estudo do enterramento somentes nos dá unha idea «relativa» da sociedade megalítica —escápasenos a súa vida cotidiana ó non coñecer os seus hábitats—, podemos pensar que estamos nun momento no que non se practica o enterramento colectivo, coa falla dunha organización estratificada (non se constrúen grandes monumentos), senón máis xerarquizada con tumbas xa individuais (de xefes ou persoas importantes), que parecen falarnos dun momento no que se reforza o dominio dunha élite política e/ou social, tanto máis importante canto as ofrendas funerarias (neste caso o bipenne representaría o poder). Por outra banda, a aparición dos cinceis, neste momento serodio da Cultura Megalítica galega, parece indicármonos que este é un instrumento acorde cunha nova funcionalidade (antes inexistente), en relación con traballos delicados, tipo por ex. ebanistería ou similares. Estamos, pois, nun momento no que desaparece o enterramento colectivo pra dar paso ó de tipo individual, mostra da primacía do individuo fronte á colectividade, fenómeno patente tamén na época campaniforme e sobre todo na Edade do Bronce, cos seus enterramentos en cista.

5. MONTE CAMPELOS E O MEGALITICO FINAL EN GALICIA.

Nun recente traballo (40) propúñamos tres fases na periodización do Megalítico galego: un Megalítico Inicial a partir do IV milenio a. C., un Megalítico Medio, entre aprox. 3000 e 2500 a. C., e un Megalítico Final entre o Calcolítico (ca. 2500 a. C.) e a aparición da Cultura do Vaso Campaniforme (2200-2100) (41). Este Megalítico Final (Horizonte Rechaba, na definición de Vázquez Varela) ten como características máis sobranceiras as seguintes: a) aparición dun novo tipo de enterramento en cista (por ex. mámoa 229 de Veiga dos Mouros), en mámoas sen estrutura pétreo ou en fosa (Monte Campelos), e b) aparición de novos materiais líticos, entre eles bipennes, dobles enxós, mazas, láminas de enxós, o puñal de Cela (42), cinceis e prismas de seixo cristalizado, cunha presenza máis que representativa na súa asociación.

(40) RODRIGUEZ CASAL, A. A.: *Megalitismo*. Gran Enciclopedia Gallega, t. 20, fasc. 318, p. 215-220.

(41) CRIADO, F. e VAZQUEZ VARELA, J. M.: *La cerámica campaniforme en Galicia*. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 42, 1982.

(42) MONTEAGUDO, L.: *El puñal de sílex nórdico de Redondeja (Pontevedra)*. El Museo de Pontevedra, VII, 1952, p. 143-147.

Encol da aparición do novo sistema funerario individual en Galicia, asociado a úteis líticos tais como bipennes, doubles enxós, etc., as teorías son diversas: por unha banda as de corte difusionista que pouco teñen avanzado na investigación dende os traballos de Santa Olalla, e aquelas outras que tentan explica-lo como un produto dunha orixe local —aínda que cunha influencia mediterránea— (43), que callaría singularmente no Noroeste. De tódolos xeitos, a aparición do bipenne en Monte Campelos (non esquezamos tampouco a chea de úteis perforados e o puñal «nórdico» de Cela) é difícil de explicar, no momento actual da investigación, por unha converxencia de formas e asignar-lles unha orixe local. Antes ben, e como hipótese de traballo, coidamos estarmos nun momento no que existen contactos comerciais, de certa importancia, alén Galicia. Non se pode esquecer a presenza a rocho de tais instrumentos perforados (e cinceis) todo ó longo da Fachada Atlántica francesa, e, entre esas rexións e Galicia, os bipennes de Balenkaleku no País Vasco, o de Teverga en Asturias, así como os cinceis de Campiello, polo que non sería impensable a idea de contactos culturais entre Francia, a Cornisa Cantábrica e Galicia a partires de mediados do III milenio a. C., contactos que se agudizarán e reactivarán cos grupos campaniformes a partir do 2200 a. C.

(43) VAZQUEZ VARELA, (op. cit., 1979), define a este momento final do Megalítico galego como «Horizonte Rechaba», a partires do xacemento epónimo. Coidamos que esta definición é un tanto incorrecta, por canto podería entón haber tantos horizontes como xacementos, xa que un horizonte caracteriza-se pola asociación de materiais arqueolóxicos cunha homoxeneidade ben marcada no tempo e no espacio, presupoñendo o concepto simultaneamente o aspecto diacrónico e cultural. Por outra banda, o «horizonte» inclúe todo complexo de modalidades ou tipos que se estenden axiña por unha rexión, concepto que compre emprega-lo pra sincronizar as secuencias locais. Dende esta óptica, Rechaba, Monte Campelos, etc. serían, antes ben, «grupos» ben definidos do Horizonte cultural do Megalítico final do Noroeste hispánico.




FIG.1






FIG. 2



- | | |
|---------------------|------------------|
| * machado perforado | ▨ humus |
| ◼ cincel | ▨ terra moura |
| ★ machadiño | □ terra bermella |
| L lasca | ▨ grixo |
| L lámina | |
| * prisma | |
| C cerámica | |

FIG. 3
Mámoa de monte campelos (planta, perfil e localización dos achados)




FIG.4






FIG.5





FIG. 6
















FIG. 7







Lám. 1. Vista da fochanca producida pola máquina paleadora.




Lám. 2. A mámoa de Monte Campelos no transcurso da excavación.




Lám. 3. Perfil da mámoa, coas diferentes camadas. No fondo obsérvase a base de grixo natural




Lám. 4. In situ o bipenne, un dos cinceis e dous prismas de cristal de rocha.




Lám. 6. O cincel n.º 2 in situ, fincado case verticalmente e co talón cara enriba.



Lám. 7. Conxunto do axuar de Monte Campelos.



Lám. 5. Detalle do machado bipenne e un dos cincois tal como foron atopados.



Lám. 8. Machado bipenne de Monte Campelos.



Lám. 9. O meirande dos prismas de cristal de rocha